



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 23 DE XANEIRO DE 2017

Na casa do Concello de Ferrol, sendo as dezaioito horas do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino Trigo Rey, Alcalde.
- Concello de Mugardos: Pilar Díaz Otero, Alcaldesa.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, Alcalde.
- Concello de Neda: Angel Álvaro Saavedra, Alcalde.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, Alcalde.

Incidencias: O xerente informa de que a segunda representante do concello de Ferrol, Beatriz Sestayo Doce, comunicou con antelación á sesión á imposibilidade de asistir por motivos laborais. O punto número 7 desta acta foi tratado a continuación do punto número 2.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria:

1. Lectura e aprobación se procede de actas de sesións anteriores.

Por unanimidade das persoas asistentes apróbanse as actas das sesións de 17 de outubro e 14 de novembro.

2. Aprobación definitiva do orzamento de 2017.

Dáse conta de que o orzamento xeral do ano 2017, aprobado inicialmente polo Pleno na sesión realizada o día 12 de decembro de 2016, queda definitivamente aprobado ao estar certificado que logo da exposición pública entre o día 23/12/2016 e o 16/01/2017, non consta expresamente que tivera entrada no Libro de Rexistro de Entrada de Documentos da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol ningunha alegación en relación coa aprobación inicial do citado expediente.

3. Aprobación do convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Mancomunidad de Concellos da comarca de Ferrol para a mellora do servizo da casa de acollida de Ferrol.

Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mancomunidad cuxo teor literal é o seguinte:

“Ao Pleno da Mancomunidad



Visto o informe-proposta do Xerente da Mancomunidade e o informe favorable da Intervención PROPONSE a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar o convenio interadministrativo de colaboración entre o Concello de Ferrol e a Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol para a mellora do servizo da casa de acollida de Ferrol.”

Ferrol, 20 de xaneiro de 2017
O Presidente da Mancomunidade
Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández”



As persoas asistentes acordan por unanimidade.

1. A aprobación do convenio polo Pleno da Mancomunidade condicionada á aprobación por cada un dos concellos integrantes da Mancomunidade.
2. Requirit de cada un dos concellos integrantes da Mancomunidade, a excepción de Ferrol, que xa a realizou, a aprobación do convenio e notificación do correspondente acordo á maior brevidade posible.

4. Seguimento e impulso de servizos e proxectos: plan integral de xestión de residuos; promoción do destino turístico Ferrolterra-Rías Altas; xestión de augas residuais.

En relación co plan integral de xestión de residuos, preséntanse ao pleno os pregos de prescicións técnicas para a contratación dunha diagnose da recollida de residuos e infórmase por parte do Xerente de que foron solicitadas ofertas e espérase resolver en breve a adxudicación.

Respecto á promoción do destino turístico Ferrolterra-Rías Altas, preséntase ao Pleno a memoria xustificativa das actuacións realizadas mediante o convenio coa Axencia Turismo de Galicia do ano 2016, e infórmase da recente publicación de convocatorias desta Axencia para accesibilidade e sinalización turística e para persoal das oficinas de turismo. Así mesmo, Luís Alcalá informa da previsión de celebrar un acto para presentar tanto as actuacións subvencionadas pola Xunta de Galicia como aquelas subvencionadas pola Deputación da Coruña ante os profesionais turísticos, representantes e técnicos municipais da comarca, para a cal se consideran as datas de 16 de febreiro e 20 de febreiro ás 17:00 horas, do que se informará oportunamente cando se concrete a data.



En relación coa xestión de augas residuais, preséntase ao Pleno con carácter informativo unha proposta formulada por EMALCSA (Empresa Municipal de Augas da Coruña) de asistencia técnica para a definición do sistema de saneamento e depuración mancomunado, sobre a cal se acordou que sería necesario precisar en dita proposta que os pregos para contratar a xestión deste sistema se entregarán á Mancomunidade en Xuño de 2017.

Previa declaración de urxencia por unanimidade das persoas asistentes adoptouse o seguinte asunto fóra da orde do día:

5. Modificación do anexo de persoal do orzamento xeral da Mancomunidade do ano 2017.

Examinada a proposta do Presidente da Mancomunidade que literalmente di:

“Ao Pleno da Mancomunidade

No anexo de persoal do orzamento xeral da Mancomunidade do ano 2017, apartado 6.IV.



Auxiliar Administrativo, indícase:

"Funcións, tarefas e cometidos do posto de traballo:

As propias do posto segundo determina o artigo 169 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local."

Co obxecto de axustar dita descrición ás necesidades reais de acordo co actual funcionamento da administracións, PROPONSE ao pleno modificar o parágrafo citado dándolle a seguinte redacción:

"Funcións, tarefas e cometidos do posto de traballo:

As propias do posto segundo determina o artigo 169 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, ademais das correspondentes á xestión de expedientes encomendadas polo xerente e demais persoal técnico da Mancomunidad, co coñecemento e utilización das novas tecnoloxías aos efectos da xestión de expedientes na administración pública."

Ferrol, 23 de xaneiro de 2017,
O Presidente da Mancomunidad
Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández"

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

6. Rogos e preguntas.

O alcalde de Fene expón os problemas de cobertura existentes nas comunicacións de servizos de emerxencia da comarca, ante o cal o Pleno acorda que o xerente inicie o estudo deste problema e posibles solucións consultando ás policía e técnicos municipais.

Así mesmo, a proposta do alcalde de Ares, acórdase que o xerente estude a posibilidade de mancomunar o mantemento dos campos de herba artificiais para optimizar economicamente este servizo.

O Presidente da Mancomunidad informa sobre a celebración da Mesa polo Naval de cuxo contido darase traslado a todos os concellos.

Por último, infórmase da solicitude de reunión co Pleno da Mancomunidad realizada pola Asociación Galega de Apicultura co obxecto de propoñer actuacións contra a vespa velutina, e acórdase recibir a esta entidade na próxima sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidad

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario da Mancomunidad

Asdo: Leopoldo Moure García